

Feitizo de sons

Texto e foto:
Emilio España

O cuarteto Luvás Verdes demóstranos coa súa proposta, agora reflectida nun traballo discográfico, que a música tradicional galega non é unha peza de museo.

Para Luvás Verdes, a música tradicional galega é un ser vivo, que pode e debe seguir atravesando procesos evolutivos, sen perder o respecto pola semente que foron deixando os grandes grupos que os precederon.

A catro rapaces novos coma vós, ¿que os levou a mergullarse na música tradicional galega?

Hai uns anos, as actividades extra-escolares máis asentadas nas vilas e aldeas eran a música e o baile tradicional. Os catro compoñentes de Luvás Verdes, cada un no seu lugar de residencia, coincidimos en tomar contacto coa música tradicional a través desas actividades.

Entre os cuartetos tradicionais que vos precederon, ¿hai algún que consideredes como referente?

Evidentemente, nós non estamos a inventar nada novo. Recollemos o legado que nos deixaron formacións coma Os Gaiteiros de Soutelo (que son para nós unha referencia primordial), e doutras que tamén nos precederon coma Os Garceiras, Os Morenos de Lavadores, Muxicas gran Moxenas, ou Os Cruceiros con Henrique Otero. Como referentes máis próximos no tempo, podemos incluír tamén a Noitarega e Treixadura Gaiteiros.

As claves musicais da repercusión que acadou o voso grupo, ¿cales son?

As claves que nos levan a facer as cousas son o corazón e o noso propio gusto. Non foi algo premeditado pero, probablemente, causamos certa sorpresa polo noso especial xeito de tratar as harmonías e as distintas voces das gaitas, e polo protagonismo que lle concedemos á percusión, rescatándoa do papel de simple acompañamento que tiña nos últimos tempos.

Conseguir a publicación deste primeiro disco, ¿foi moi difícil?

Podemos dicir que non foi difícil grazas á axuda que nos prestou a xente da Nova Galega De Danza. Eles teñen rexistrado un selo discográfico propio, que puxeron á nosa disposición en canto tiveron noticia do noso proxecto.

Sodes un cuarteto netamente instrumental, pero nesta es-



TRABALLO 'Luvás Verdes' pretende, co seu traballo discográfico, axudar á evolución da música tradicional

LUVAS VERDES

Un cuarteto tradicional para o século XXI

trea discográfica aparece un tema cantado, ¿como?

A asociación de gaita e voz na música tradicional galega é algo natural. A idea que tiñamos para este primeiro traballo era a de amosar o traballo que levamos desenvolvido, pero engadíndolle algunha pincelada distinta que lle achegara un punto máis de sorpresa ao disco. Por iso, convidamos a Xabier Díaz a poñerlle voz ao tema de peche.

A experiencia da gravación, ¿como tal foi?

Realmente foi moi positiva, aínda que por momentos se nos fixo un pouco longa. Hai que ter en conta que cada un de nós ten outras activi-

dades, paralelas ao traballo co grupo, e isto ía marcando os momentos de gravación que, ás veces, foron bastante distanciados no tempo.

Ollando este primeiro traballo nótase que sodes unha formación innovadora, incluso a nivel estético, ¿non?

Tiña que existir unha consonancia entre a mensaxe de dentro e a de fóra. A nosa mensaxe é que, non por estar máis que vistos os instrumentos que empregamos, están esgotados os seus recursos e os sentimentos que se poden expresar con eles. Por iso, a estética do disco non tiña que responder a unha imaxe determinada, senón máis ben rachar coas

ideas preconcebidas. Os encargados de ofrecer esa imaxe dun cuarteto galego do Século XXI foron os rapaces do Obradoiro Describir.

No libreto do disco incluídes unha presentación a cargo de Xosé Lois Romero na que destila a paixón que sente por vós...

Está claro que se lle pides a un amigo que fale de ti, hai máis posibilidades de que o faga ben, e no caso de Xosé Lois hai unha afinidade e un cariño de moitos anos. Pero, o feito de encargarlle a el ese texto foi porque viviu non soamente os comezos de Luvás Verdes, senón tamén a vida da formación que nos precedeu

directamente, que foi Leliadoura e na que participaba directamente. Aquela experiencia non deixou unha constancia discográfica do seu traballo e por iso, cando a súa sucesora o conseguiu, el era o máis indicado para presentala por ser quen mellor entendía a filosofía do grupo.

Aparecen tamén no disco unhas verbas de Álvaro Seivane. Tedes unha estreita relación con esa familia de músicos e construtores de gaitas, ¿non?

Iso valorámolo dobremente porque sabemos que a familia Seivane, neste caso Álvaro, non estila facer comentarios nin participar de xeito escrito nos proxectos discográficos. Nós abusamos un pouco da confianza, e do cariño que sabemos que nos ten dende que eramos aínda máis novos.

E a poesía tamén ten o seu espazo no libreto...

Xa que estabamos a innovar musical e esteticamente, quixemos conxugar tamén outras artes e aproveitar a nosa relación con xente que está a traballar actualmente no campo da poesía.

Decidimos encargarlle sen compromiso uns versos ao coruñés Javier Tarrío, pola amizade que nos une, e el presentounos unha serie de poemas estruturados musicalmente que son os que aparecen.

Falando agora da "competencia", o nivel dos novos cuartetos que foron aparecendo tamén en escena nos últimos tempos, ¿como vos parece?

Desde hai uns anos o nivel técnico medrou moito, porque estamos recollendo os froitos do que foi sementado ao longo de moito tempo. Outro tema é a mensaxe que se desexa transmitir, aí cada un é libre de expresarse como desexe e debe ser o público o que decida.

O futuro da música tradicional galega, ¿como o ollades?

Xa o vimos peor do que o vemos na actualidade. Pode parecer unha contradición, pero pensamos que o futuro da música tradicional pasa por non ser un fenómeno comercial, senón por continuar sendo a expresión dos sentimentos populares. Cando algo se "masifica", entran en xogo determinados intereses económicos que cambian o sentido da propia música, a finalidade de compoñer unha peza deixa de ser a vontade de comunicar algo e pasa a ser a de vender centos de miles de copias. Non debemos aspirar a que teña un lugar destacado no mercado discográfico, senón a que sexa xustamente recoñecida e valorada. A música tradicional está viva porque sempre foi libre, e así debe seguir.